



COMUNICADO

(15/02/2017)

A interpretación xudicial non é unha brincadeira

Ante as novas que están a aparecer estes días nos medios de comunicación* sobre un xuízo celebrado en Vigo no que se recusou a intérprete polos seus problemas lingüísticos, a Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGPTI) quere facer certas aclaracións para dar a coñecer algúns aspectos sobre esta profesión, e máis concretamente sobre a interpretación no ámbito da xustiza.

Hai anos que a AGPTI e outras asociacións profesionais deste sector —entre as que destacan as que integran a [Red Vértice](#), da cal formamos parte— estamos a traballar ante as administracións públicas para conseguir que os servizos de interpretación na xustiza sigan uns criterios xustos para as persoas que reciben o servizo e para os profesionais que os prestan. Neste sentido, na Rede Vértice e xunto coa Conferencia de Centros e Departamentos Universitarios de Tradución e Interpretación (CCDUTI), seguimos insistindo ante o Ministerio de Xustiza do Goberno español para que se traspoña correctamente a [Directiva 64/2010](#), do 20 de outubro do 2010, relativa ao dereito a interpretación e a tradución nos procesos penais. A transposición realizouse parcialmente, mais sen incluír algunhas das peticións do noso colectivo, entre elas a creación dunha Lei de Rexistro. A Directiva indica que nun prazo dun ano desde a súa publicación, España debería ter un proxecto de Lei de Rexistro de Tradutores e Intérpretes xudiciais. Ese rexistro é unha das nosas principais reivindicacións, pois entendemos que, de facerse correctamente, é a única garantía de que as persoas que levan a cabo ese servizo teñan as cualificacións e experiencia necesarias. Así, sería preciso pasar un exame para poder realizar este servizo, mesmo as persoas que teñan a titulación en Tradución e Interpretación, como único xeito de garantir que se cumpre cos dereitos das persoas receptoras do servizo. Os comunicados de protesta que levamos emitido as asociacións do sector poden consultarse [aquí](#), e non debe perderse de vista que o Defensor do Pobo recibiu e aceptou unha [queixa presentada en xullo de 2016](#) pola Asociación Profesional de Tradutores e Intérpretes Judiciais y Jurados (APTJJ) sobre a prestación do servizo de tradución e interpretación en sede xudicial e policial no noso país, queixa á que se adheriron outras asociacións nacionais e internacionais.

Porén, a Xunta de Galicia e a administración do Estado seguen a realizar procedementos de contratación baseados unicamente en criterios económicos, sen estableceren mecanismos de control sobre a formación ou experiencia do persoal. Isto

La interpretación judicial no es ninguna broma

Ante las noticias surgidas en los últimos días en los medios de comunicación acerca de un juicio celebrado en Vigo, en el que se ha recusado a la intérprete por sus problemas lingüísticos, la Asociación Gallega de Profesionales de la Traducción y la Interpretación (AGPTI) quiere hacer ciertas aclaraciones para dar a conocer algunos aspectos sobre esta profesión y, más concretamente, sobre la interpretación en el ámbito judicial.

Desde hace años, la AGPTI y otras asociaciones profesionales del sector —entre las que destacan las integrantes de la [Red Vértice](#), de la cual formamos parte— estamos trabajando ante las administraciones públicas para lograr que los servicios de interpretación en la justicia cumplan unos criterios justos para quienes reciben dicho servicio y para los profesionales que lo prestan. En este sentido, desde la Red Vértice y junto con la Conferencia de Centros y Departamentos Universitarios de Traducción e Interpretación (CCDUTI), seguimos insistiendo ante el Ministerio de Justicia español para que se transponga correctamente la [Directiva 64/2010](#), de 20 de octubre de 2010, relativa al derecho a interpretación y a traducción en los procesos penales. La transposición se ha realizado parcialmente, pero sin incluir algunas de nuestras peticiones, como la creación de una Ley de Registro. La Directiva indica que, en un plazo de un año desde su publicación, España debería contar con un Proyecto de Ley de Registro de Tradutores e Intérpretes judiciales. Este registro es una de nuestras principales reivindicaciones, puesto que entendemos que, de hacerse correctamente, es la única garantía de que los profesionales que lleven a cabo este servicio tengan las cualificaciones y la experiencia necesarias. De esta forma, requeriría aprobar un examen para poder prestar este servicio, incluso las personas con titulación en Traducción e Interpretación, como única garantía para el cumplimiento de los derechos de las personas receptoras del servicio. Los comunicados de protesta que las asociaciones hemos emitido se pueden consultar [aquí](#). Además, cabe apuntar que el Defensor del Pueblo ha recibido y aceptado una [queja en julio de 2016](#) por la Asociación Profesional de Tradutores e Intérpretes Judiciais y Jurados (APTJJ) sobre la prestación del servicio de traducción e interpretación en sede judicial y policial. Dicha queja ha sido respaldada por otras asociaciones nacionales e internacionales.

Sin embargo, la Xunta de Galicia y la administración del Estado siguen realizando procedimientos de contratación basados únicamente en criterios económicos, sin establecer mecanismos de control sobre la formación o la experiencia del

* [La Voz de Galicia](#) (08/02/2017), [Y el acusado recusó... a la traductora](#); [Faro de Vigo](#) (08/02/2017) [Señoría, don't understand](#); [Faro de Vigo](#) (09/02/2017), [El intérprete que superó el Asperger](#).

leva a que, na práctica, as empresas que gañan os concursos para a prestación de servizos de interpretación na xustiza (policiais e xudiciais, principalmente) só contraten a quen acepte prezos moi por debaixo do mercado, co que isto implica en canto a cualificacións e experiencia e para a calidade do servizo. Outra das condicións que se lles impoñen ás concesionarias é a urxencia, pois están obrigadas a prestar o servizo nun prazo determinado, mais non a presentaren as cualificacións do persoal que o presta (cualificacións que, en ocasións, son inexistentes, pois non se esixen estudos universitarios nin titulación ou acreditación profesional ningunha).

Polo tanto, as persoas receptoras deses servizos son as principais prexudicadas pola escasa cualificación que poida ter quen leva a cabo a interpretación e, deste xeito, quedan desamparadas ante a falta de interese da administración, que non só dificulta o traballo do persoal xudicial (que non sempre dispón da información e os coñecementos necesarios para esixir intérpretes e tradutores profesionais e cualificados), senón que pon en perigo os dereitos dos acusados e pode levarlos a unha situación de indefensión.

Se nun xuízo xorde un problema de interpretación que impida o correcto desenvolvemento das actuacións, unha das últimas solucións debería ser procurar alguén entre o público sen coñecer a súa capacidade real para levar a cabo ese servizo. Aínda que xornalisticamente poida ser unha noticia atractiva por curiosa e rechamante, como profesionais non podemos evitar pensar nas circunstancias que rodean este tipo de contratacións e as consecuencias que poden ter para os afectados. Así mesmo, resulta moi perigoso para o traballo dos profesionais e para a súa imaxe que os medios traten esta cuestión con certa lixeireza e mesmo se lle dea certa publicidade á persoa que finalmente se encargou da interpretación no caso do xuízo de Vigo, mencionando conceptos como o bilingüismo, o coñecemento da linguaxe xurídica e a asistencia prestada ás partes polo intérprete sen que se aprecie conciencia ningunha da seriedade, a dificultade e as implicacións dos temas tratados, nin coñecemento real do que comportan esas nocións na práctica. Observamos unha desacougante improvisación (ignoramos mesmo se ese intérprete vai percibir unha remuneración), falta de seguridade xurídica e un alto grao de irracionalidade nun sistema posto nas mans de empresas privadas que non achegan nada á calidade do servizo e si reciben diñeiro público do que os intérpretes contratados reciben unha mínima parte.

Se algún dos letrados estivese a facer mal o seu traballo, podemos dudar de que ninguén fose preguntar: «Hai algún avogado na sala que poida seguir coa defensa?».

personal. Así pues, en la práctica, las empresas que ganan los concursos para la prestación de servicios de interpretación en la justicia (policiales y judiciales, principalmente) solo contratan a quien acepte precios muy por debajo del mercado, con lo que esto implica en cuanto a cualificaciones o experiencia y para la calidad del servicio. Otra de las condiciones impuestas a las concesionarias es la urgencia, pues están obligadas a prestar el servicio en un plazo determinado, pero no a presentar las cualificaciones de quien lo presta (a veces inexistentes porque ni siquiera se exigen estudios universitarios ni titulación o acreditación profesional alguna).

Por consiguiente, las personas receptoras de estos servicios son las principales perjudicadas por la escasa cualificación que pueda tener quien lleve a cabo la interpretación y, de esta forma, quedan desamparadas ante la falta de interés de la administración, que no solo dificulta el trabajo del personal judicial (que no siempre dispone de la información y los conocimientos necesarios para exigir intérpretes y tradutores profesionales y cualificados), sino que pone en peligro los derechos de los acusados y puede llevarlos a una situación de indefensión.

Si en un juicio surge un problema de interpretación que impida el correcto desarrollo de las actuaciones, una de las últimas soluciones debería ser buscar a alguien entre el público sin conocer su verdadera capacidad para prestar este servicio. Aunque periodísticamente pueda ser una noticia atractiva por curiosa y llamativa, como profesionales no podemos evitar pensar en las circunstancias que rodean este tipo de contrataciones y en las consecuencias que pueden suponer para las personas afectadas. Asimismo, resulta muy peligroso para el trabajo de los profesionales y para su imagen que los medios traten esta cuestión con cierta ligereza, e incluso que se le dé publicidad a la persona que finalmente se ha encargado de la interpretación en el juicio de Vigo, mencionando conceptos como el bilingüismo, el conocimiento del lenguaje jurídico y la asistencia prestada a las partes por el intérprete, sin que se aprecie ningún atisbo de conciencia con respecto a la seriedad, la dificultad o las implicaciones de los temas abordados, ni un conocimiento real de lo que conllevan estas nociones en la práctica. Observamos una inquietante improvisación (hasta ignoramos si dicho intérprete percibirá alguna remuneración), falta de seguridad jurídica y un elevado grado de irracionalidad en un sistema dejado en manos de empresas privadas que no aportan nada a la calidad del servicio, pero que reciben dinero público del que se destina una mínima parte a los intérpretes contratados.

Si alguno de los letrados no estuviera desempeñando correctamente su trabajo, es muy poco probable que alguien preguntase: «¿Hay algún abogado en la sala que pueda seguir con la defensa?».



asociación galega de profesionais
da tradución e da interpretación

Asociacións da Rede Vértice que apoian este comunicado:

Asociaciones de la Red Vértice que respaldan el comunicado:



- AATI** Asociación Argentina de Traductores e Intérpretes
- ACEtt** ACE Traductores
- AGPTI** Asociación galega de profesionais da tradución e da interpretación
- AICE** Asociación de Intérpretes de Conferencia de España
- IAPTI** International Association of Professional Translators and Interpreters
- APTIC** Associació professional de traductors i intèrprets de Catalunya
- APTIJ** Asociación Profesional de Traductores e Intérpretes Judiciales y Jurados
- ASATI** Asociación aragonesa de traductores e intérpretes
- Asetrad** Asociación española de traductores, correctores e intérpretes
- ATIJC** Asociación de Traductores e Intérpretes Jurados de Cataluña
- AVIC** Asociación Valenciana de Intérpretes de Conferencia
- EIZIE** Asociación de Traductores, Correctores e Intérpretes de Lengua Vasca
- Espaiic** Región España de AIIC
- FILSE** Federación española de intérpretes de lengua de signos y guías-intérpretes
- Xarxa** Red de traductores e intérpretes de la Comunidad Valenciana